## Pedro Amigo de Sevilha

## Rubrica

Sei eu, donas, que nom quer tam gram bem hom'outra dona com'a mi o meu amigo quer; ca, porque lhi dix'eu "Nom me veredes já mais des aqui", desmaiou logo bem ali por en, e houve log'i a morrer por mim.

Porque lhi dixi que nunca veer-me poderia, quis por en morrer;
e fui alá e achei-o jazer
sem fala já, e houv'en gram pesar
e falei-lh'[e] houve-mi a conhocer
e diss': "Oí ũa dona falar?"

Dix'eu: "Oístes", já polo guarir, e guareceu; maila que vos disser que ama tant[o] hom'outra molher mentir-vos-á, ca já x'o el provou com quantas viu e achou: as partir todas d'amor, e assi as leixou.

E bem vos poss'eu em salvo jurar que outr'home vivo nom sab'amar dereitamente; ca, por me provar, veerom outros em mim entender se poderiam de mim guaanhar, mais nom poderom de mim rem haver.

Mais aquel que [mi] tam de coraçom quer bem, par Deus, mal seria se nom o guarisse, pois por mi quis morrer.

cantigas-stag.square-bit.com

© 30/10/2025